

Autores brasileiros en empresas editoriais dos exiliados galegos en Bos Aires: Emece, Nova, Botella al Mar

M^a ANTONIA PÉREZ RODRÍGUEZ

Universidade da Coruña

As editoriais e revistas culturais fundadas e dirixidas polos galegos exiliados en Bos Aires case se reducen a aquelas nas que tiveron intervención Luís Seoane e Arturo Cuadrado, e no referente ás segundas tamén Lorenzo Varela, un poeta con moita querenza por Brasil. Creáronas na primeira metade da década dos corenta, en boa parte debido ao baixo prezo do papel en Arxentina e a considerar que a cultura era susceptible de actuar cal unha frutífera vía para manter a confianza no derrocamento do franquismo após da II guerra mundial. E, por riba, para contribuír a que non esmorecese o espírito combativo entre os refuxiados.

Os temas e autores galegos estiveron presentes nelas pero nunca dun xeito maioritario. Predominaron os mozos escritores arxentinos e algúns deles, publicando nelas as súas primeiras obras, empezaron a abrirse camiño no sistema literario do seu país. Por norma xeral, os textos editados estaban en castelán, e libros e revistas encontraban os seus receptores e destinatarios entre castelanfalantes de cultura alta.

Nesas editoras e revistas, Brasil, proporcionalmente, acada unha presenza bastante considerable, a maior de toda a literatura latinoamericana. Quizais se deba á amizade de Seoane con Newton Freitas (a comezos dos corenta destinado na embaixada en Bos Aires) e coa súa muller a historiadora Lidia Besouchet, á proximidade que carreta a lingua e ao achegamento que os refuxiados galegos estaban a facer á cultura brasileira, tal como o pintor lembra: «...Manuel Bandeira, Carlos Drumond de Andrade e Schmit, conocímolos nos en Bos Aires, ó primeiro debuxei as tapas dun libro. Nos liamos entón en Bos Aires moita literatura brasileira e tiñamos publicado na editorial Nova a dous grandes novelistas, Machado de Assís e Aloysius de Azebedo»¹

¹ «Pilar Vázquez Cuesta», *La Voz de Galicia*, sec. Figuracións, A Coruña, 27 de abril de 1975. Recollido de *Figuracións*. Luís Seoane. A Coruña: Ed. La Voz de Galicia, p. 390.

A Schmit, incluso o coñecera persoalmente nunha comida con Newton Freitas no hotel Español de Bos Aires².

A amizade con este diplomático brasileiro iniciouna Seoane (e cabe supor que por proximidade Arturo Cuadrado, Rafael Dieste, Colmeiro e Lorenzo Varela) a principios dos anos corenta. Confirmao unha carta³ de 1942 onde Freitas lle dá as grazas ao pintor por enviarlle *¡Eh los toros!*, un álbum con poemas de Rafael Alberti e xilografías súas, das que lle di que lle fan evocar as paisaxes da súa nenez. A amizade era moi forte e perseverou ata a morte do pintor, segundo o demostran as cartas que se dirixían os dous matrimonios e que, xa en 1949, Newton Freitas interrompa as súas ferías para ver a Seoane en Río de Janeiro (cousa que non logra) e lle proporcione os nomes de compatriotas seus que residen en París para que se poña en contacto con eles cando chegue á capital francesa⁴.

Nesa cidade coñecerá a dous persoeiros brasileiros dos que gardaba un gran recordo e co escritor, con Jorge Amado, unha amizade⁵ peculiar, pois non se cartearban, en cambio si se falaban por teléfono en datas moi precisas do ano, unha delas o 14 de abril. As circunstancias de como estableceu relación con eles cóntao en *La Nación* o 9-V-1972:

Conviví con Castagnino en 1949 en un mismo hotel de París, el llamado por escarnio Pasteur. Allí estuvimos unos meses Castagnino y Nina, su mujer; Pompeyo Audivert con la suya, el pintor Colmeiro, el grabador uruguayo Adolfo Pastor y yo, también con mi mujer, antes de trasladarnos nosotros al hotel Saint Michel, donde se hospedaban Nicolás Guillén, Jorge Amado, Rafael Dieste, Amorin, etc. y un notable dibujante brasileño, Seliar, que había hecho la guerra con las tropas del Brasil en Italia y que en París presidía una sociedad de artistas latinoamericanos.

En 1949, Seoane asiste en Londres ao Congreso pola Integración das Artes⁶ e alí expón no mes de setembro óleos, gravados e debuxos na Twenty Book Street

² Carta de Newton Freitas a Luís Seoane do 14 de outubro de 1945. Toda a correspondencia citada forma parte dos fondos do centro de documentación da Fundación Luís Seoane de A Coruña.

³ Carta de 10 de xuño de 1942.

⁴ Carta de 22 de xuño de 1949.

⁵ Nunha carta do 11 de febreiro de 1959, Carybe, transmítelle a Seoane un abrazo de Jorge Amado.

⁶ No artigo «Sobre a miña aportación a arte mural» publicado en *Grial*, Vigo: Galaxia, Xullo-Setembro, 1974, Seoane escribe: «Denantes, en 1949, fun expectador en Londres do Congreso que reuniu arquitectos, pintores, escultores, críticos de arte, no Instituto de Arte Contemporanea desa cidade [...] Naquel Congreso escoitei os lamentos de Fernand Leger e Henry Moore, grandes muralistas do noso tempo, polos encargos que lles fixeran sen poder discutilos».

Gallery. A cooperación de Newton Freitas, nese momento na embaixada de Brasil en Londres, non se limitou a axudar a Plácido Castro para conseguir a citada sala de arte, senón que publica sobre a mostra un comentario no *Sunday Times*⁷. Nel fala do noso artista como un experimentador afastado das escolas, próximo ao (parece a opción escollida no resto do texto) expresionismo e sinala que posúe un figurativismo semellante ao dos plásticos ingleses máis novos e arriscados.

Cun debuxo de Newton Freitas, Luís Seoane inicia o espazo dominical que cun deseño seu, xunto cun texto tamén da súa autoría, publica en *La Voz de Galicia*⁸. A presenza de brasileiros redúcese a Freitas, Lidia Besouchet, Vinicius de Moraes e á novelista Clarice Lispector, todos colaboradores de *Correo Literario*, menos a última.

A Luís Seoane pertence o deseño dos libros e a autoría do debuxo das tapas dos libros con temas ou de autores brasileiros das editoriais Nova e Botella al Mar. Pero antes da súa fundación, xa deseña, fai a tapa e corre ao seu cargo, do de Arturo Cuadrado e do de Luís M. Baudizzone, a edición *Alos Afro Brasileños* (1942) que, dentro da colección Buen Aire, pon na rúa EMECE, onde el era director da colección Dorna, dedicada á poesía galega, e así mesmo, igual có libreiro «compostelán», traballaba de lector.

A editorial Nova subsistiu seis anos, ata 1947, e na súa colección Mar Dulce figuran, en 1943 *Amazonia: Leyendas Ñangatu*, con 17 ilustracións de Carybe e coa selección de lendas e a introdución de Newton Freitas; a quen pertence *Garibaldi en América* (1946), traducido ao castelán por Corina Bernabó. En 1944 atopamos un libro con trinta e unha fotografías de grandes pezas de Antonio Francisco Lisboa «O Aleijadinho», escultor ao cal Lorenzo Varela lle dedica un poema. E en 1945 así mesmo publicase en Nova, de Hans Staden, *Viajes y cautiverio entre los canibales*, traducido do portugués por Maruxa López.

A editorial Botella al Mar, tamén como a anterior, foi fundada (1947) e dirixida por Luís Seoane e Arturo Cuadrado; perdurou ata os anos sesenta e nela ven a luz, con enorme diferenza, a produción literaria de autores arxentinos, en especial a poética. Nos seus dous primeiros anos, 1947 e 1948, atopamos case en exclusiva autores europeos; non obstante, a partir da última data, existe un clarísimo predominio de escritores arxentinos, seguida de lonxe por hispanoamericanos afincados desde hai tempo nese país. Dos brasileiros está, na colección La sirena Escondida, Newton Freitas con *Jarabuna. Cuentos y relatos* (1949) e, en Botella al Mar (formato en octavo), Drummond de Andrade con *Dos Poemas*, un libro traducido por Manuel Graña.

⁷ Freitas, N., «S.T.», *Sunday Times*, Londres, outubro, 1949. O recorte manexado só dispoñía desa datación.

Posiblemente a participación dalgún dos colaboradores brasileiros en *Correo Literario*⁹ (1943-1945), fundada e dirixida por Luís Seoane, Arturo Cadrado e Lorenzo Varela, se deban á intermediación de Freitas. Dende logo, Newton Freitas coñecía persoalmente a Rubén Braga e a Milton Rocha¹⁰. Por cartas persoais deste último, temos constancia de que recibía en Brasil a citada revista, e que naquela época escribía na sección «Panorama Literaria» de *Vamos Ler*, onde en ocasións dá conta de autores e editoras porteñas. Milton Rocha asina en 1945, no derradeiro número de *Correo Literario*, un artigo sobre a literatura brasileira¹¹, no cal se refire moi en especial á obra de Rubén Braga. Con anterioridade xa se encontra a súa firma nunha reflexión entorno ao cincuentenario de Jorge Lima¹² e nunha crítica sobre *Quincena Literaria* de Carlos Drumond de Andrade¹³.

Temos constancia oral de que Newton Freitas era amigo de Mario de Andrade¹⁴ (ademais escribiu moi sentidamente sobre el en *Correo Literario*¹⁵) e de que os tres directores eran admiradores seus. Resulta moi comprensible esa admiración (e moito máis en Seoane), se tomamos en conta o cariz reivindicativo da súa obra, a posta en valor que realizou do folclore brasileiro, a transcendencia e alcance que lle concedía á cultura e ás tradicións como elementos sociais integradores, a grande importancia que lle outorgaba á identidade como corpo para fundamentar o sentido e actuación dun pobo, e que entendía a nación como unha entidade material e espiritual en constante proceso de construción.

Mario de Andrade¹⁶ publicou en *Correo Literario* un longo estudo sobre Clovis Graciano¹⁷, do grupo de plásticos dos novos paulistas, outro sobre a narrativa e o mundo creativo de Newton Freitas. Ademais, cunha nota introdutoria do avogado porteño Norberto Argentino Frontini, grande amigo dos responsables (parece a opción escollida no resto do texto) da citada revista quincenal, reproducécese o prólogo¹⁸

⁸ Empeza o día 1 de agosto de 1971 e remata o 26 de xuño de 1977.

⁹ En *Correo Literario* atópanse tamén artigos que falan ou fan referencia a Brasil.

¹⁰ Carta de Milton Rocha a Newton Freitas do 1 de xullo de 1945.

¹¹ Rocha, M., «Panorama Literario», *Correo Literario*, nº 40, Bos Aires, 1 de setembro de 1945.

¹² Rocha, M., «O cincuentenario de Jorge Lima», *Correo Literario*, nº 39, Bos Aires, 1 de agosto de 1945.

¹³ Rocha, M., «Quincena Literaria», *Correo Literario*, nº 38, Bos Aires, 1 de xullo de 1945.

¹⁴ Tamén coñecía persoalmente a Mario de Andrade, o avogado porteño Norberto Frontini, moi amigo dos tres directores de *Correo Literario*.

¹⁵ Andrade, M. de, «Newton Freitas», *Correo Literario*, Bos Aires, 1 de febreiro de 1944.

¹⁶ O retrato a lapis que aparece del nese artigo, polo estilo, seguramente debuxouno Luís Seoane.

¹⁷ Andrade, M. de, «El pintor Clovis Graciano», *Correo Literario*, nº 25, Bos Aires, 15 de novembro de 1944.

¹⁸ Andrade, M. de, «El Dibujo», *Correo Literario*, nº 14, Bos Aires, 1 de xuño de 1944.

que escribiu de Andrade para un álbum de debuxos de Lasar Sagall. Por outro lado, sobre o pintor alemán afincado en Brasil dende 1923, Frontini¹⁹ xa editara o 1 de xaneiro de 1944 un comentario nese mesmo medio.

Correo Literario, con motivo do falecemento de Mario de Andrade, insire parte dunha entrevista que concedera o escritor oito días antes de finar, aclarando que destacan dela «...algunos trozos por su actualidad política y literaria»²⁰ e, despois do seu pasamento, un artigo sobre a súa personalidade e feitos, leva a sinatura de Tristao de Athayde²¹. Tamén lle dedican unha homenaxe²² que ocupa dúas das súas páxinas de tamaño tabloide; nel lese unha escolma de poemas e pequenas narracións do autor brasileiro, xunto a textos de Sergio Milliet, Carlos Lacerda e de Norberto Argentino Frontini, xunto a poemas de poemas Vinicius de Moraes e de Carlos Drummond de Andrade.

Lidia Besouchet practicamente non colabora en *Correo Literario*. Figura unha foto súa no número trinta con motivo da edición de *José María Paranhos. Vizconde de rio Branco*, un estudo seu do que fai unha recensión no número trinta e dous Xosé Luís Romero²³. Cabe destacar dela, a crítica que efectúa a un libro de M^a Rosa Oliver²⁴, no cal a autora arxentina aprecia as diferenzas entre coñecer Brasil a modo dun turista e coñecelo introducíndose en toda a súa riqueza socio cultural, como confirma Besouchet que fixo a autora. Anos máis tarde Lidia Besouchet escribirá sobre Rafael Dieste, Lorenzo Varela e Luís Seoane en medios de comunicación de gran tirada de Sao Paulo e Río de Janeiro. Curiosamente, o primeiro artigo sobre a obra de Seoane nun xornal do Brasil débese a ela²⁵, quen nesta ocasión opina en torno ao álbum con catro xilografías e catro poemas de Lorenzo Varela titulado *María Pita y tres retratos medievales*.

A sinatura de Newton Freitas xa aparece en *Correo Literario* dende o número dous cun espazo que leva por nome «Colaboración en portugués», o único nela non escrito en lingua castelán, un idioma que nesta revista el emprega en poucas ocasións²⁶,

²⁰ S.A., «La última entrevista de Mario de Andrade», *Correo literario*, nº 32, Bos Aires, 15 de marzo de 1945.

²¹ Ataíde, T. de., «Mario de andrade». *Correo literario*, nº 38, Bos Aires, 1 de xullo de 1945.

²² «Homenaje a Mario de Andrade». *Correo literario*, nº 35, Bos Aires, 15 de marzo de 1945.

²³ Romero, J. L., «José María Paranhos. Vizconde de rio Branco», *Correo Literario*, nº 32, Bos Aires, 15 de marzo de 1945..

²⁴ Besouchet, L., «El Brasil de M^a Rosa Oliver», *Correo Literario*, nº 9, Bos Aires, 15 de marzo de 1944.

²⁵ Besouchet, L., «Desenho e poesía de nossa terra antepasada», *O Xornal*, San Paulo, xullo, 1944. Lidia Besouchet colaborou en *Correo Literario*. Era a muller do escritor e diplomático brasileiro Newton Freitas con quen publicaría en 1946, *Literatura del Brasil*.

²⁶ «Noemia y su pintura», *Correo Literario*, nº 13, Bos Aires, 15 de maio de 1944.

e cando o usa é fóra de «Colaboración en portugués». Nel analiza ou dá noticia sobre libros, sobre pintura, música e de temas variados relacionados con Brasil²⁷. Os de Melo²⁸ Franco e o de Lorca e o teatro brasileiro²⁹ revisten un interese especial porque abren vieiros que poden conducir a visións pouco comúns da produción destes autores. Así mesmo, resulta moi atractiva, sobre todo para os galegos, canto conta da súa «visita» a Castelao³⁰ e a perspectiva que ofrece da interrelación entre a plástica do político e artista de Rianxo, e a súa literatura, así como a de ambas expresións artísticas coa tradición galaica e de como esta última planea sobre o cotián do noso político.

A Newton Freitas pertence a selección de poemas³¹ brasileiros dos séculos XVI ao XIX (Teixeira Pinto, de Mattos Guerra, Antonio Gonzaga, Casimiro de Abreu, Fagundes Varela e Castro Alves) que no número 31 se reproducen en *Correo Literario*, unha revista que inclúe bastante crítica de arte e na cal o diplomático trata bastante a obra de artistas arxentinos como Juan Carlos Castagnino, Francisco Ayala, Luis Falcini, Carlos Chagas, etc., e nunha ocasión a de Cavalcanti, pintor de quen, nas páxinas desa mesma revista, se ocupa Sergio Milliet³². Na análise de Newton Freitas en torno á produción deste pintor atopamos a comparación da súa obra coa de Portinari, de quen tamén se ocupa nas páxinas desa mesma revista Mario Winitzky³³.

Con Portinari non mantiveron relación directa ningún dos tres directores de *Correo Literario*, así e todo, Seoane pon de exemplo do que se debe facer en pintura sobre a parede, aos murais de Pampulha na igrexa deseñada por Neimeyer. Ademais, Luís Seoane levou un premio ao mesmo tempo que o pintor brasileiro. Sabémolo por dous medios de comunicación porteños que informan de que a finais de 1957, nas galerías Wildenstein de Nova York se exhibiron os cadros dos gañadores do certame Hallmark e que «En ese concurso internacional recibieron distinciones Luís Seoane, de la Argentina, Armando Barrios de Venezuela y Cándido Portinari de Brasil»³⁴; unha nova que repite *La Razón*³⁵ de Bos Aires, cidade onde en 1978, o noso pintor exhibe vinte e dúas xilografías no Centro Portinari de Estudios Brasileiros³⁶.

²⁷ «Palmares. República negra do Brasil», *Correo Literario*, Bos Aires, 15 de xaneiro e tamén 1 de febreiro 1945.

²⁸ O «Afonso arinos de Melo Franco», *Correo Literario*, nº 24, Bos Aires, 1 de novembro de 1944.

²⁹ «O teatro brasileiro e Lorca», *Correo Literario*, nº 24, Bos Aires, 15 de marzo de 1944.

³⁰ Freitas, N., «visitando a Castelao», *Correo Literario*, nº 13, Bos Aires, 15 de maio de 1944.

³¹ Freitas, N., «Poética Brasileira», *Correo Literario*, nº 31, Bos Aires, 1 de marzo de 1945.

³² Milliet, S., «Emiliano di Cavalcanti», *Correo Literario*, nº 8, Bos Aires, 1 de marzo de 1944.

³³ Winitzky, M., «Un gigantesco panel de Portinari», *Correo Literario*, Bos Aires, 1 de abril de 1945.

³⁴ S.A., «En 1957, la pintura latinoamericana obtuvo en Galerías Norteamericanas señalado suceso», *Crítica*, Bos Aires 12 de febreiro, 1958.

³⁵ S.A., (Varela, L.) «S.T.», *La Razón*, Bos Aires, 1 de marzo, 1958.

³⁶ Pérez, E., «Madeira poética», *Convicción*, sec. Plástica, 16 de agosto, 1978.

Outro colaborador moi esporádico de *Correo Literario* é Kantor, debuxante centroeuropeo que residiu unha boa parte da súa vida en Brasil. Era amigo de Seoane desde que o coñeceu en 1938-39 no xornal *El Diario* de Bos Aires, e valoraba del os debuxos políticos e satíricos de *De Munich a Nuremberg* (1946), o álbum *Bahía* (1935) e os murais que realizara en Brasil.

Anos despois, Manuel Kantor escribe sobre o noso pintor en *O Jornal de Noticias*³⁷, cando escolle a Aquiles Badi, a Juan Carlos Castagnino e a Luís Seoane como os máis representativos plásticos de Arxentina, singularizando do último as facetas de ilustrador, gravador, muralista, escritor e gráfico de atraínte e sólida personalidade, a quen a súa profunda cultura non logrou impedir a fidelidade aos temas populares.

Outro dos directores de *Correo Literario* con un enorme amor a Brasil era Lorenzo Varela, que se refuxia nese país cando recibe ameazas de morte por parte dos paramilitares arxentinos ao servizo da ditadura. Dedicoulle un poema ao pintor bahiano Carybe e outro ao «Aleijadinho», nos anos setenta traduciu ao castelán *Dona Flor y sus dos maridos* de Jorge Amado, e cando morreu (1978) estaba a verter ao español *Os Sertoos* de Euclides Cunha.

Cabe lembrar algo tan sabido como que a chegada dos exiliados da guerra civil española de 1936 significou para os países hispanoamericanos que os acolleron unha inxección de aires renovadores, un impulso para as súas letras e ciencias e, ás veces, para o seu comercio e industria. As cidades que menciona cando responde sobre o nivel cultural de latinoamérica coinciden con dúas capitais de Estados receptores de transterrados. De Brasil pódese dicir que entre 1936-1940 non recibiu unha emigración polínica significativa proveniente do Estado español. Porén, o pintor menciona á grande cidade carioca cando, estrañado do descoñecemento que se tiña na península Ibérica da actividade cultural en Arxentina, afirma en 1963: «Los principales centros culturales, Méjico, Río de Janeiro y a la cabeza de todos Buenos Aires, no tienen que envidiar a Roma, París o Londres, por ejemplo»³⁸.

Desexamos que se incremente en toda Latinoamérica o número de cidades produtoras e irradiadoras de bens culturais. Facemos votos para que a instrución e a cultura cheguen aos puntos mais recónditos, e que os cidadáns desta parte do globo sexan capaces de habilitar mecanismos para preservar da globalización uniformadora e inxusta ás peculiaridades de todas e de cada unha das súas culturas, dos seus valores e dos seus modos de vida.

³⁷ Kantor, M., «Pintores argentinos», *O Jornal de noticias*, sec. Arte, Río de Xaneiro, 11 novembro, 1956.

³⁸ Acuña, R., «Luís Seoane», *La Voz de Galicia*, A Coruña, 30 de novembro, 1963.